

TEMA 9. O INICIO DA DEMOCRACIA. A GRECIA CLÁSICA.

1. Que unía aos habitantes da Hélade?

Vivían nun mesmo territorio:

O seu territorio abranguíu a Península Balcánica, as costas de Asia Menor (actual Turquía), moitas illas dos mares Xónico e Exeo, parte da Península Itálica, Sicilia, sur da actual Francia e algún enclave en Exipto e na Península Ibérica.

Era territorio montañoso, con abundantes vales, e moitas illas, o que dificultaba que creasen un único estado, reino ou imperio. Aínda así, a conexión marítima favoreceu moito o comercio e a navegación.

Falaban a mesma lingua:

Todos se sentían helenos, membros da Hélade. Tiñan as mesmas formas de vida, crían nos mesmos deuses e heroes. A lingua e literatura difundiron as tradicións orais e escritas, recollidas en obras como a Ilíada, a Odisea, ou as comedias e traxedias.

Compartían un pasado:

Sentíanse herdeiros de dúas civilizacións anteriores ás invasións do II milenio a.C.:

Cultura minoica: xurdiu na illa de Creta e dominou o Mediterráneo oriental co comercio marítimo. Destacaban os seus palacios, como o de Cnossos.

Cultura micénica: moi influenciada pola cultura minoica. Eran máis guerreiros, vivían en cidades amuralladas e usaban armas de bronce e carros de guerra. A erupción volcánica de Thera provocou o seu colapso, ao que se xuntou a chegada de novas invasións que puxeron fin á súa cultura.


2. Todas as polis eran semellantes?

A Hélade non formaba un único Estado, nin imperio, nin reino, ao contrario que outras civilizacións.

Os gregos estaban divididos en **polis**, cidades-estado independentes que abranguían a cidade e os terreos que a rodeaban, posúan as súas propias leis, a súa moeda, o seu exército e un goberno propio.

A cidade en si tiña dúas partes: a **acrópole**, ou parte alta, onde estaban os principais edificios relixiosos, e a **parte baixa**, onde estaban as casas e a ágora, a praza pública.

Diferentes tipos de goberno dunha polis:



3. Como era a democracia ateniense?

En Atenas, no século V a.C., consolidouse un sistema democrático de goberno.

Os cidadáns tiñan o deber de defender a cidade e o dereito de participar no seu goberno. Na Asemblea discutían as decisións a tomar, votaban as leis e podían ser escollidos ou entrar no sorteo dos cargos de responsabilidade da polis. Se alguén non defendía a cidade nin cumpría os acordos, podía ser condenado ao exilio (ostracismo).

Non obstante, non todos eran iguais nin eran considerados cidadáns. Só homes nados en Atenas e de familia ateniense tiñan dereitos políticos e podían participar na democracia. A maioría da poboación estaba excluída da vida política.



CIDADÁNS

- Só os homes nados de pai e nai atenienses.
- Tiñan dereito a votar e a ser elixidos para un cargo público.
- Formaban parte do exército durante a guerra e pagaban o seu equipo militar de hoplita.



MULLERES

- As mulleres vivían recluídas nos seus fogares, dedicadas á vida doméstica.
- Non tiñan dereito a participar nin a votar na Asemblea.
- Non podían saír soas da casa, debían facelo acompañadas.



METECOS

- Non eran fillos de atenienses e considerábanse estranxeiros.
- Traballaban como artesáns e comerciantes.
- Pagaban impostos, pero non podían participar na política.
- Podían formar parte do exército, pero non exercer un posto de mando.



ESCRAVOS E ESCRAVAS

- Eran propiedade doutra persoa e non tiñan ningún dereito.
- Considerábanse seres inferiores.
- Algúns deles eran escravos domésticos, pero outros traballaban en condicións moi duras, sobre todo nas minas.

6. Por que se enfrontaron Atenas e Esparta?

Atenas e Esparta eran dúas polis moi poderosas que durante un tempo mantiveron un forte enfrontamento pola hexemonía na Hélade (por ver cal delas tiña máis poder).

Antes de que todo isto acontecera, no século V a.C., o imperio persa intentou invadir as polis durante as chamadas **guerras médicas**. Os espartanos tentaron loitar contra eles e foron derrotados nunha batalla moi sangrienta. Serían os atenienses os que derrotarían finalmente a un exército persa debilitado, nas batallas de Maratón e de Salamina.

Foi entón cando **Atenas iniciou a súa hexemonía**. Creou a **Liga de Delos**, unha asociación de polis dirixidas por Atenas para defenderse ante outros ataques dos persas.

Atenas foi acusada de roubar o diñeiro entregado na Liga de Delos para enriquecer a súa cidade. **Esparta**, xunto con outras polis, formou a **Liga do Peloponeso**. Ambas coalicións de cidades enfrontáronse nunha sangrienta guerra, a **guerra do Peloponeso**, que debilitou a tódalas polis e puxo fin á época de esplendor e hexemonía de Atenas.

Aproveitando esta situación de debilidade e enfrontamento entre polis sen un claro gañador, anos máis tarde e xa no século IV a.C., o rei **Filipo II de Macedonia** enfrontouse a elas e dominou toda Grecia.

7. Realizou Alexandre Magno o seu soño de crear un imperio helenístico?

Alexandre (356-323a.C.) era **fillo de Filippo II de Macedonia**. Tras o asasinato do seu pai, **herdou o seu gran reino**. Concentrou o poder na súa persoa e apoiouse nun **forte exército**. El mesmo considerábase ante todo un guerreiro, disposto a repetir as fazañas de heroes mitolóxicos como Hércules, Aquiles ou Ulises.

Enfrontouse ao imperio persa, e o venceu en batallas como **Issos** (333 a.C.) ou **Gaugamela** (331 a.C.), nesta última **derrotándoo** definitivamente e conquistándoo. E dez anos, **creou un imperio que se expandía dende o**

Mediterráneo ata o río Indo, e que abranguía territorios como Exipto, Grecia, Persia ou Mesopotamia.

Non obstante, **Alexandre Magno morre moi novo**, e sen un claro sucesor. Os seus xenerais, tras eliminar aos pequenos fillos de Alexandre, repartíronse o seu imperio, creando os **reinos helenísticos**: Macedonia, Imperio Seléucida, Tracia, Epiro, Pérgamo e Exipto.

8. Unha relixión de deuses e lendas fascinantes.

Os gregos e os romanos era **politeístas**, crían en varios deuses. Estes eran inmortais e tiñan poderes sobrehumanos, mais tamén parecíanse aos mortais no seu aspecto e nas súas virtudes e nos seus defectos. Zeus, por exemplo, era moi poderoso, era paternal cos seus fillos, mais enganaba á súa muller Hera con numerosas mulleres e numerosos homes.

Os deuses máis importantes eran os seguintes:

Zeus/Xúpiter: rei dos deuses

Hera/Xuno: deusa do matrimonio e da familia

Apolo: deus da arte

Afrodita/Venus: deusa do amor e da beleza

Artemisa/Diana: deusa da caza

Hermes/Mercurio: deus do comercio

Atenea/Minerva: deusa da sabedoría (e da guerra diplomática para os gregos)

Deméter/Ceres: deusa da agricultura

Poseidón/Neptuno: deus do mar

Hades/Plutón: deus dos mortos e do inframundo

Ares/Marte: deus da guerra (dos combates e das batallas para os gregos)

Tamén existían os **heroes** (guerreiros con grandes fazañas, como Heracles, Teseo, Ulises, Aquiles, Paris de Troia...), **divindades menores** (ninfas, musas...) ou **criaturas fantásticas** (o Minotauro, a Hidra de Lerna, Medusa, Pegaso, centauros, xigantes, cíclopes, sereas...).

TEMA 10. UN IMPERIO DE CIDADES. ROMA.

1. A fundación de Roma e a monarquía (753 a.C.- 509 a.C.)

A mediados do **século VIII a.C.**, **tres pobos** arredor do Tíber fundan unha vila sobre o monte Palatino e organízanse dirixidos por un rei. Son **sabinos, latinos e etruscos**, e a vila levará o nome de **Roma**.

Segundo a **lenda**, esta cidade fora fundada por **Rómulo e Remo no 753 a.C.** Estes dous xemelgos eran descendentes do heroe Eneas, un fuxido da destrución de Troia que tras unha aventura coa raíña Dido dos cartaxineses, chega á Península Itálica. Os dous irmáns foran abandonados á ribeira do río Tíber e amamantados por unha loba.

Rómulo matou ao seu irmán e convertiuse no **primeiro rei**. A este sucedéronlle outros seis reis que dirixían a cidade, exercían como sumos sacerdotes e capitaneaban o exército. Apoiábanse no **Senado** para tomar as decisións.

2. A República (509 a.C.-27 a.C.)

No **509 a.C.**, unha revolta expulsou ao último rei, Tarquinio el Soberbio. Proclamouse a **República**.

Esta estaba dirixida polos **patricios**, que elaboraban as leis e controlaban os cargos públicos.

Os **plebeos**, o grupo máis numeroso, eran campesiños, artesáns e comerciantes, e loitaban por ter dereitos políticos e igualdade cos patricios.

Os cidadáns participaban na política a través dos **comicios**, que votaban as leis.

Ademais, existían os **maxistrados**, que ocupaban os cargos. Debían seguir un ***cursus honorum*** (carreira de honores), que os levaría ata a responsabilidade máis importante de todas, o **cónsul**. Unha vez ocupado ese cargo durante un ano, pasarían a ser censores, e finalmente ocuparían o seu cargo no **Senado**, grupo de anciáns con grande autoridade.

3. Conquistou un grande imperio

Na República había moitos homes que se converteron en soldados. Creouse un **grande exército, con lexións de 3500 homes, divididas en centurias**.

Con este exército **conquistaron un grande imperio**, que bordeaba todo o mar Mediterráneo (***Mare nostrum***). Conquistaron toda Península Itálica, para despois conquistar **Cartago** (os cartaxineses foron **o seu maior rival** durante séculos), **Grecia**, a Península Ibérica, a actual Francia, **Exipto**, todo o norte de África, parte de Gran Bretaña, costas do Mar Negro...

Todo isto fixo que Roma se enriquecese e se convertise no imperio máis poderoso do momento, mais tamén pronto apareceron algúns **conflictos**. Houbo **revoltas sociais** por ter máis igualdade, incluso de escravos (**Espartaco**), e moitos xenerais do exército desexaban ter máis poder. Pronto habería guerras de poder entre estes xenerais.

No 47 a.C., o xeneral **Xulio César**, que conquistou a Galia, proclamouse **dictador vitalicio**, e comezaba a desintegrarse a República.

4. O Imperio (27 a.C.-476 d.C.)

Despois do **asasinato de Xulio César**, o seu sobriño **Octavio** proclamouse dictador. **No 27 a.C.**, o Senado concedeulle moitos poderes e convertiuno no **emperador**, o emperador **Octavio Augusto**.

Concentraba tódolos poderes, reunía o Senado, convocaba os comicios, nomeaba maxistrados e aprobaba as leis. Era xefe do exército e sumo sacerdote (pontífice máximo), e incluso se lle rendía culto coma se fose un deus.

Ao longo de varios séculos, sucedéronse **varias dinastías de emperadores**: **Xulio-Claudia** (Octavio e a súa familia: Tiberio, Calígula, Claudio e Nerón), **Flavia** (Vespasiano, Tito e Domiciano, que construíron o Coliseo de Roma), e **Antonina** (os mellores emperadores, de provincias máis aló da cidade de Roma: Nerva, Traxano, Adriano, Antonino, Marco Aurelio e Cómodo).

Os **séculos I e II** foron os de paz e prosperidade, coñecidos como a **Pax Romana**.

5. A crise do Imperio (ss. III-V d.C.)

Roma entrou nunha **grave crise a partires do século III d.C.** Cesaron as conquistas e houbo problemas militares, políticos, económicos e sociais.

Problemas militares e políticos: Roma entrou en anarquía, con militares pelexando por ser emperadores, e case todos sendo asasinados. As fronteiras volvéronse inestables, e os pobos xermánicos comezaron a aparecer. As cidades construíron murallas para facer fronte a estes conflitos (como a de Lugo).

Problemas económicos e sociais: A falta de escravos provocou a diminución da produción, o comercio colapsou e a poboación empobreceuse, trasladándose a vivir ao campo en moitas ocasións.

Tras a época de anarquía, **algúns emperadores intentaron tomar medidas**. **Diocleciano** compartiu o seu poder con tres emperadores máis, mais pronto houbo conflitos entre eles. **Constantino** trasladou a súa

capital a Constantinopla, reforzou o exército e converteuse ao cristianismo. Ao estar a parte occidental sen un emperador, **Teodosio** decidiu dividir o imperio en dous, no 395 d.C.: Occidente, con capital en Rávena (Italia), e Oriente, con capital en Constantinopla.

No século V d.C., chegan os **hunos, dirixidos por Atila**, un pobo temible que arrasa todo ao seu paso. Os xermánicos entran cada vez máis no imperio. En Oriente frenan aos pobos xermánicos, mais en Occidente son incapaces, e estes acaban instalándose, dividindo o imperio en reinos e controlando aos propios emperadores. **No 476, Odoacro**, un xeneral bárbaro, **expulsa ao último emperador** do seu trono, Rómulo Augústulo. É o fin do Imperio romano de Occidente.